



ADDENDA AO CONVENIO, ASINADO O 17 DE FEBREIRO DE 2020, ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A ANALISE DO IMPACTO DA AUTOMATIZACION NA ECONOMIA GALEGA

REUNIDOS

Dunha parte D. **Fernando Guldís Iglesias**, en nome e representación do **Instituto Galego de Promoción Económica**, en adiante **IGAPE**, con C.I.F. Q-6550010-J, e con domicilio social en Edificio IGAPE, Complexo Administrativo San Lázaro, s/n. 15703 Santiago de Compostela, na súa calidade de director xeral). Está facultado para este acto en virtude da delegación de facultades do 23 de decembro de 2016 do Presidente do Igape feita pública mediante Resolución do 25 de xaneiro de 2017 (DOG nº 23, do 2 de febreiro de 2017).

E doutra, D. **Antonio López Díaz**, Reitor Magnífico da **Universidade de Santiago de Compostela**, en adiante **USC**, que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 57/2018, do 31 de maio (DOG 5/06/2018), de seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN

I. Con data 17 de febreiro de 2020 asinouse o CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A ANALISE DO IMPACTO DA AUTOMATIZACION NA ECONOMIA GALEGA, con vixencia ata o 30 de decembro de 2020.

II. No apartado 6 da cláusula cuarta do dito convenio establécese que “para o pagamento das actuacións desenvolvidas pola USC, esta deberá achegar ao IGAPE as correspondentes certificacións antes do 15 de novembro de 2020”.

III. Debido ao retraso sufrido pola COVID-19 e dada a suspensión de prazos administrativos durante o estado de alarma, a celebración dos traballos preparatorios e mesas de traballo non se plantexarán ata o último cuadrimestre, polo que procede ampliar o prazo de execución e certificación ante o IGAPE.

IV. Asemade, o impacto da crise da COVID-19 no eido de análise obxecto do convenio aconsella modificar o seu alcance para que se teña en conta no estudio da USC, sendo ademais aconsellable unha redistribución dos custos elixibles no convenio como consecuencia da redución de custos nos eventos e mesas de traballo, por celebrarse agora de modo telématico principalmente e non presencial como estaba previsto. Esta redución servirá para incrementar na mesma contía a partida de persoal investigador responsable do estudio e informes, co fin de ter en conta nestes informes a nova situación económica.

V. A comisión de seguimento do convenio na súa reunión do 28 de maio de 2020 acordou por unanimidade estas modificacións.

Por iso, ao abeiro do estipulado no citado convenio, os comparecentes, na representación que ostentan, subscriben a presente Addenda a cuxo efecto,

ACORDAN

Modificar o convenio, asinado o 17 de febreiro de 2020, entre o Instituto Galego de Promoción Económica e a Universidade de Santiago de Compostela para a análise do impacto da automatización na economía galega, nos seguintes aspectos:



1. Amplíase ata o 15 de decembro de 2020 o prazo de presentación da certificación de gastos establecido no apartado 6 da cláusula cuarta do convenio.
2. Engádesse un punto no apartado dous da cláusula terceira, “compromisos e obrigas da USC”, coa seguinte redacción:
6. Os estudos a desenvolver terán en conta os efectos económicos, financeiros, laborais e sociais ocasionados polo confinamento decretado polo Estado de Alarma e outras medidas ou efectos de ámbito autonómico, nacional, comunitario e global. Terase en conta tamén o efecto do crecemento dos procesos de dixitalización e automatización na economía, nas empresas, na educación, nas Administracións e na sociedade mesma.
3. Modifícanse os gastos elixibles que figuran na memoria económica do convenio, anexo I, quedando do seguinte xeito:

TIPO DE GASTO	CUSTE TOTAL (€)
Estudo e Informe. O gasto pode cubrir dedicación de persoal propio, a contratación persoal ou de investigadores e servizos externos.	36.000,00
Mesas de diálogo. Servizos externos e a aluguer de equipamento.	6.000,00
Actividades de difusión. O gasto pode cubrir a contratación de servizos externos e aluguer de instalacións e equipamento.	8.000,00
TOTAL	50.000,00
Financiamento IGAPE	40.000,00
Cofinanciamento USC (Dedicación de persoal propio)	10.000,00

O resto das cláusulas do convenio asinado o 17 de febreiro de 2020 mantéñense invariables.

E en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda o 5 de novembro de 2020.

Polo IGAPE:

Pola USC

Fernando Guldrís Iglesias

Antonio López Díaz